

MÍNIMOS EXIXIBLES PARA A OBTENCIÓN DUNHA CUALIFICACIÓN POSITIVA AO FINALIZAR 2º ESO

- 1.** Comprensión de textos orais e escritos utilizados no ámbito académico, como presentación de tarefas, instrucións para a súa realización ou exposicións orais de temáticas variadas.
- 2.** Participación activa en situacíons propias do ámbito académico (aclaracións, opinións, exposicións, conclusións...)
- 3.** Valoración do diálogo como medio de resolución de conflitos. Intervencións orais respectuosas con quen nos rodea.
- 4.** Detección do tema e dos subtemas de narracíons. Análise do contido de textos escritos (subliñado das ideas principais, elaboración de esquemas, e creación de resumos).
- 5.** Lectura en voz alta con dicción, entoación e ritmo correctos, incidindo especialmente na adecuación aos patróns fonéticos galegos e aos signos de puntuación.
- 6.** Composición de textos propios do ámbito académico (conclusións sobre aprendizaxes realizadas, probas escritas, resumos, esquemas, exposicións, ...). Composición de narracíons e descripcións.
- 7.** Planificación, revisión e boa presentación dos textos escritos, con respecto polas normas gramaticais e ortográficas... e con adecuación á temática, fins e destinatarios do escrito.
- 8.** Interpretación e aproveitamento das informacíons lingüísticas que ofrecen os dicionarios e as obras de consulta.
- 9.** Recoñecemento da diferenza entre palabras flexivas e non flexivas. Recoñecemento das categorías gramaticais básicas (substantivos, adjetivos, pronomes, verbos, adverbios).
- 10.** Coñecemento da realidade lingüística de Galiza. Observación da situación sociolingüística en canto a usos e actitudes no contorno más próximo. (Os preuízos lingüísticos).
- 11.** Comparación entre textos pertencentes aos subxéneros literarios.
- 12.** Uso das estratexias de autoavaliación e autocorrección, aceptando o erro como parte do proceso de aprendizaxe.

Non poderá promocionar de 2º a 3º curso de ESO un alumno/a que non posúa as habilidades mínimas de comprensión e expresión oral e escrita, así como un sentido crítico e autocrítico que o axude a madurar.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN PARA 2º ESO

- Cada avaliación o alumno/a será avaliado polo seu **labor cotián na aula e a súa actitude cara ao mesmo**. Este apartado suporá **a suma de até 3 puntos sobre a nota obtida**. Pero unha actitude inadecuada na aula (por acción ou por omisión), o non emprego do galego na aula, tanto na relación co/a profesor/a coma cos/as compañeiros/as, será valorado negativamente. **Por cada vez que algo disto suceda serán descontados 0,5 puntos. Aínda que o máximo que ao alumno/a se lle poida descontar das cualificacións será de 2 puntos.**
- Cada avaliación o alumnado realizará unha **lectura** obligatorias, unha lectura na aula (guiados pola profesora) e as lecturas voluntarias da súa preferencia. Cada unha destas lecturas será avaliada a través de distintos procedementos e suporán un 10% no cómputo global da materia ao finalizar a avaliación. É dicir, suporá até 1 punto sobre 10.
- Cada avaliación o alumnado realizará un **traballo de investigación** sobre a Cultura e Tradición Galega, para o cal deberá servirse das TIC. Este apartado suporá **un 20%** no cómputo global da materia ao finalizar a avaliación. É dicir, suporá até 2 puntos sobre 10.
- Cada avaliación o alumnado realizará un **exame** sobre os contidos conceptuais traballados na aula. Este apartado suporá **un 70%** no cómputo global da materia ao finalizar a avaliación. É dicir, suporá até 7 puntos sobre 10.

NON SERÁ POSIBLE APROBAR A UN ALUMNO/A QUE NUN OU VARIOS DOS APARTADOS ANTERIORES, SINALADOS NOS CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN PARA CADA CURSO, OBTIVESE UN CERO OU ABANDONASE ESE LABOR.